



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN CULTURGAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA DÉCIMO NOVENA EDICIÓN DA FEIRA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS DE GALICIA- CULTURGAL 2026

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa **Asociación Culturalgal** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **a sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2026**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento da décimo novena edición da Feira das Industrias Culturais de Galicia-Culturalgal 2026 que organiza a Asociación Culturalgal, que se desenvolverá na cidade de Pontevedra os días 27, 28 e 29 de 2026, cunha programación que contempla actuacións en directo de música e artes escénicas, presentación de produtos culturais, proxectos e servizos, proxeccións audiovisuais, encontros profesionais, debates, coloquios e foros de opinión, encontros de creadores e profesionais co público asistente, obradoiros formativos, encontros con patrocinadores e outras actividades culturais. E complementase co desenvolvemento, con anterioridade á celebración da Feira en Pontevedra, de diversas accións culturais na localidade de Ribeira, no marco do denominado Culturalgal Expandido.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

No eido das industrias culturais, o proxecto que conta coa rede máis ampla de colaboradores asociativos e empresariais é a Feira Galega das Industrias Culturais-Culturalgal, un proxecto multisectorial corresponsable apoiado por numerosas entidades. E é a propia industria cultural, a través das súas asociacións sectoriais máis representativas, quen desde 2010 se responsabiliza directamente de Culturalgal, garantindo así a continuidade do proxecto e o asentamento dunhas liñas de traballo sólidas. Os seus membros asumen a organización do evento para darlle viabilidade ao proxecto, cunha folla de ruta trazada activamente polo sector e co obxectivo prioritario de visibilizar a oferta cultural do país, pero asumindo tamén o reto de sorprender en cada edición e ir achegando melloras para os seus visitantes e expositores, asumindo, ademais, os retos que supoñen para as industrias culturais galegas os procesos de hibridación dixital da comunicación cultural e o tránsito, inevitable, das actividades de creación cultural cara a industria do lecer, que se está desenvolvendo a nivel global.

Culturalgal configúrase ano tras ano como a gran cita das industrias creativas en Galicia onde se xuntan os distintos sectores da cultura galega dando voz a todos os bloques temáticos: espazo para o cine, o audiovisual e as novas tecnoloxías; espazo para a música e as artes escénicas; espazo para o libro, a literatura e o mundo editorial, espazo para as propostas dirixidas ao público familiar e infantil; zona común para a venda de





productos culturais; presentación de produtos, proxectos e servizos; proxeccións audiovisuais; actuacións en directo de música e de artes escénicas; encontros profesionais, debates, coloquios, foros de opinión; encontros de creadores e profesionais con públicos; talleres formativos tanto para público xeral como para estudantes e profesionais.

A Agadic considera esencial o apoio a este evento que destaca por unir esforzos entre todos os sectores creativos para lograr unha maior visibilidade das industrias culturais e os seus produtos, para difundir o valor da creación cultural e a propiedade intelectual achegando ao público os seus protagonistas (creadores, editores e distribuidores); para apoiar a vertebración das industrias culturais e creativas, fomentando a relación intersectorial e a inclusión de iniciativas TIC na distribución de contidos culturais; para difundir a oferta educativa e formativa para que a xente nova poida achegar o seu talento ao sector creativo; para facilitar as relacións entre profesionais galegos e outros ámbitos de internacionalización. En definitiva, para amosarlle ao público que as industrias culturais son un sector emprendedor, innovador e xerador de emprego cualificado.

A Feira Galegas as Industrias Culturais supón a única actividade que xunta a todos os sectores profesionais da cultura galega e polo tanto o único soporte que permite dar apoio e promoción, paralelamente, ao encontro profesional e á presentación, promoción e venda de produtos e servizos. A Agadic, que entende que a singularidade de Culturgal e a súa consolidación como marca cultural converte a Feira nun referente único en Galicia, considera esencial o seu apoio ao desenvolvemento deste proxecto.

O carácter específico da actuación, a exclusividade da Asociación Culturgal como organizadora do evento, como así se reflicte nos seus estatutos, a posesión da titularidade da marca Culturgal, así como a inclusión desta actuación na planificación estratéxica da Agadic, evidencian a imposibilidade de promocionar a concorrência pública para o desenvolvemento desta actividade e xustifican a canle da subvención mediante convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta

Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

